



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

X  21-22



PROXECTO DE ORDENACIÓN PRODUTIVA

PARA A POSTA EN VALOR DE TERREOS: ALDEA MODELO DE MOUTEIRA – PARADA [TERMO MUNICIPAL DE CERDEDO-COTOBADE]

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

OCTUBRO 2022





INDICE

1. ANTECEDENTES.....	5
2. AXENTES PARTICIPANTES	7
3. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO.....	8
4. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN COMO ALDEA MODELO	10
4.1. OPORTUNIDADES IDENTIFICADAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN	10
4.2. DIFICULTADES PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN	10
5. CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA.....	11
5.1. POBOACIÓN.....	11
5.2. ACTIVIDADE ECONÓMICA LOCAL.....	14
5.3. ANÁLISE SOCIOECONÓMICA	15
6. CARACTERIZACIÓN CLIMÁTICA	16
7. ANÁLISE DA ZONA DE ACTUACIÓN.....	22
7.1. ANÁLISE SIMPLIFICADA.....	22
7.2. MAPA FORESTAL	25
7.3. MAPA DE CULTIVOS E APROVEITAMENTOS.....	26
7.4. CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS.....	27
7.5. CAPACIDADE PRODUTIVA DOS TERREOS.....	28
7.6. CARACTERIZACIÓN FÍSICA DOS TERREOS	33
7.7. CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDADE DOS TERREOS	36
7.8. DEFINICIÓN DE USOS	37
7.9. ANÁLISE HISTÓRICA.....	39
7.10. ESTADO ACTUAL.....	43
7.11. CARACTERIZACIÓN VISUAL DA SITUACIÓN ACTUAL	46
8. CARACTERIZACIÓN DA PROTECCIÓN PATRIMONIAL	48
9. CARACTERIZACIÓN DA PROTECCIÓN HIDROGRÁFICA	54
10. CARACTERIZACIÓN INFRAESTRUCTURAS	55
11. ORDENACIÓN PRODUTIVA DOS TERREOS	56
11.1. CARACTERIZACIÓN DOS TIPOS DE CULTIVO ANALIZADOS	56
12. SISTEMA DE XESTIÓN DE TERRAS	60
12.1. PARCELAS OBXECTO DE ACTUACIÓN.....	60
12.2. PREZO MÍNIMO DE ARRENDAMENTO	60
12.3. DURACIÓN DO ARRENDAMENTO	61
13. OBRAS E INFRAESTRUCTURAS NECESARIAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER NA ALDEA MODELO	62
14. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS PROPOSTAS NO SUPOSTO DE CONCORRENCIA DE VARIAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO PROXECTO	63

ÍNDICE IMAXES

Imaxe 1: Localización da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes.	8
Imaxe 2: Localización da Comarca de Pontevedra. <i>Fonte:</i> https://es.wikipedia.org/wiki/Comarca_de_Pontevedra	8
Imaxe 3: Localización da AM de Mouteira-Parada no concello de Cerdedo-Cotobade.9	
Imaxe 4: Perímetro da AM de Mouteira-Parada.	9
Imaxe 5: Vista xeral de Mouteira-Parada.....	10





Imaxe 6: Termos municipais segundo número de habitantes. 1981.....	11
Imaxe 7: Termos municipais segundo número de habitantes. 2019	11
Imaxe 8: Temperaturas medias anuais (°C).	16
Imaxe 9: Caracterización climática. Mapa das variantes climáticas en Galicia.....	18
Imaxe 10: Clasificación climática segundo Köppen.....	20
Imaxe 11: Subrexións fitoclimáticas Allué. <i>Fonte: Bioclimatología de Galicia. Fundación Pedro Barrié de la Maza.</i>	21
Imaxe 12: Afeccións Patrimonio Cultural.....	23
Imaxe 13: Afección Policía de canles.	23
Imaxe 14: Afección por infraestruturas, estradas.....	24
Imaxe 15: Afección liña eléctrica.....	24
Imaxe 16: Tipos estruturais. MFE.....	25
Imaxe 17: Perímetro do proxecto sobre Mapa de Cultivos e Aproveitamentos.....	26
Imaxe 18: Lenda do mapa do mapa de cultivos e aproveitamentos.....	26
Imaxe 19: Perímetro AM Mouteira-Parada sobre PXOM de Cerdedo.	27
Imaxe 20: Clasificación das terras na zona de actuación no Mapa de Capacidade Productiva dos Solos de Galicia.	29
Imaxe 21: Mapa de usos potenciais da terra de Galicia.	32
Imaxe 22: Distribución de pendentes na zona de actuación.....	33
Imaxe 23: Distribución de altitudes no perímetro do proxecto.....	34
Imaxe 24: Distribución das orientacións no perímetro do proxecto.....	35
Imaxe 25: Distribución do tamaño das parcelas no perímetro do proxecto.	36
Imaxe 26: Distribución do número de titulares por parcela no perímetro do proxecto.	37
Imaxe 27: Usos históricos sobre imaxe aérea anos 50.....	38
Imaxe 28: Usos actuais da zona do perímetro.	39
Imaxe 29: Imaxe histórica. Voo americano (1956-57).....	40
Imaxe 30: Imaxe histórica. PNOA 2003.	40
Imaxe 31: Imaxe histórica. PNOA 2008	41
Imaxe 32: Imaxe histórica. PNOA 2010.	41
Imaxe 33: Imaxe histórica. PNOA 2014	42
Imaxe 34: Imaxe histórica. PNOA 2017	42
Imaxe 35: Imaxe histórica. PNOA 2020.....	43
Imaxe 36: Usos segundo SIXPAC.	44
Imaxe 37: Estado actual da zona do perímetro segundo datos do traballo de campo.	45
Imaxe 38: Elementos patrimoniais a protexer.	52
Imaxe 39: Zonas afección hidrográfica.....	54
Imaxe 40: Zonas de afección por infraestruturas.....	55
Imaxe 41: Actividade principal proposta.....	57
Imaxe 42: Actividade secundaria proposta.	59

ÍNDICE TÁBOAS

Táboa 1: Evolución da poboación por termo municipais máis poboados. Pontevedra 1981-2019. <i>Fonte INE.</i>	11
Táboa 2: Evolución da poboación no concello de Cerdedo-Cotobade. <i>Fonte IGE.</i>	12
Táboa 3: Datos de poboación do concello de Cerdedo-Cotobade por parroquia (Censo de poboación e vivendas. Ano 2001). <i>Fonte IGE.</i>	13
Táboa 4: Datos de poboación ocupada por sectores concello de Cerdedo-Cotobade por parroquia	14
Táboa 5: Caracterización climática de Cerdedo-Cotobade. <i>Fonte www.meteogalicia.gal.</i>	16





Táboa 6: Precipitación máxima diaria (mm) por período de retorno T (anos).....	18
Táboa 7: Clasificación climática segundo Papadakis.....	20
Táboa 8: Distribución dos usos segundo o MFE.	25
Táboa 9: Distribución dos usos segundo o mapa de cultivos e aproveitamentos.	26
Táboa 10: Calidades estruturais da terra no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia.....	29
Táboa 11: Clasificación do réxime hídrico no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia.....	30
Táboa 12: Clasificación da dispoñibilidade de nutrientes no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia.	31
Táboa 13: Criterios de conversión do Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia á reclasificación en terras con tres usos potenciais de produción agrícola....	32
Táboa 14: Distribución de pendentes na zona de actuación.	33
Táboa 15: Distribución de orientacións na zona de actuación.....	34
Táboa 16: Resumo de valores medios para a caracterización de terreos na zona de actuación.....	35
Táboa 17: Clasificación da superficie segundo usos SIXPAC.	44
Táboa 18: Distribución da superficie por estado actual.....	45
Táboa 19: Análise das necesidades dos cultivos.	58
Táboa 20: Prezos de referencia do Banco de Terras de Galicia.....	60

ÍNDICE GRÁFICOS

Gráfico 1: Evolución da poboación no concello de Cerdedo-Cotobade. . <i>Fonte IGE elaboración propia</i>	12
Gráfico 2: Distribución da poboación no concello de Cerdedo-Cotobade por idades. <i>Fonte IGE elaboración propia</i>	12
Gráfico 3: Caracterización climática de Cerdedo-Cotobade. <i>www.meteogalicia.gal</i> ..	17

ANEXOS

ANEXO I. RELACIÓN DE PARCELAS

(Parcelas incluídas no perímetro, parcelas excluídas e as súas causas de exclusión, así como a relación das parcelas das que non foi posible localizar ás súas persoas titulares, o parcelario interior, xunto coa aptitude ou aptitudes produtivas de cada parcela).

ANEXO II. FICHAS ELEMENTOS PATRIMONIAIS A PROTEXER

PLANOS





1. ANTECEDENTES

O abandono de terras agrarias constitúe un fenómeno de importancia crecente na estrutura agraria de Galicia. Segundo diversos autores, a superficie de terras en abandono acada cifras xa semellantes á de terras en cultivo, e o incremento dos abandonos resulta superior ás 50.000 Ha nos últimos 15 anos. Moitas desas terras en situación de abandono presentan boas ou moi boas condicións agronómicas para o cultivo.

Unha derivada desta situación, que a ninguén se lle escapa, é a relación destas condicións de abandono coas dificultades na loita contra os lumes. E resulta paradoxal a coexistencia deste volume de terras de cultivo en abandono coa crecente necesidade das explotacións de acadar incrementos na súa base territorial.

Conscientes deste problema, o Goberno de Galicia está disposto a arbitrar medidas para loitar contra o abandono das terras agrarias e, na medida do posible, reverter a situación, achegando novas terras de cultivo ás explotacións para reducir a dependencia de fontes de recursos de orixe exterior.

Nacen polo tanto os instrumentos de recuperación e mobilización de terras agrarias ao abeiro do disposto nos artigos 47 bis e 47 ter da *Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras* entre os que se atopa o programa de aldeas modelo. Este programa defínese como aquel instrumento voluntario de recuperación de terras mediante a realización de actuacións integradas para a recuperación de capacidade agronómica das terras circundantes a núcleos de poboación e asentamentos poboacionais situados no territorio rural galego co fin de promover actividade económica ligada ao sector primario ao mesmo tempo que reduce o risco de incendios forestais.

O concepto de aldea modelo xorde do convenio firmado entre a Consellería do Medio Rural, a Fegamp e a empresa pública SEAGA para a limpeza das franxas de seguridade das aldeas de Galicia. Son aquelas aldeas nas que se implanta o sistema público de limpeza das franxas sempre que haxa o compromiso dos propietarios da implantación de actividade agro gandeira nestas franxas.

Este convenio, firmado en agosto do ano 2018, ten como obxecto principal a implantación dun sistema público de limpeza das faixas, no que a limpeza se leva a cabo pola empresa pública SEAGA.

Coa aprobación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia; desenvólvense os procedementos de mobilización da terra agroforestal, previamente recollidos nalgunhas das disposicións da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que quedou derogada coa entrada en vigor desta lei.

No que se refire aos instrumentos para a mobilización de terras, a lei reforza o papel do Banco de Terras como instrumento público de intermediación na mobilización da terra agraria, reducindo así trámites administrativos, impulsando a súa axilización e converténdoo na figura fundamental para o desenvolvemento dos novos instrumentos de recuperación da terra agraria; establecendo dentro das súas competencias a de deseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos na presente lei para tal fin.





Unha aldea modelo é un instrumento voluntario de recuperación de terras mediante a realización de actuacións integradas para a recuperación da capacidade agronómica das terras circundantes a núcleos de poboación e asentamentos poboacionais situados no territorio rural galego, co fin de promover actividade económica ligada ao sector primario ao tempo que reducir o risco de incendios forestais.

As actuacións poderán abranguer todo ou parte do núcleo rural da aldea co obxecto da súa rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística, con fins residenciais, de interese turístico, de transformación ambiental ou outros análogos que propicien a recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación. O procedemento é aberto, require do compromiso das persoas propietarias pero tamén da implicación das alcaldías. O proceso iníciase cunha solicitude por parte do Concello, que debe de contar cun perímetro definido nas inmediacións da aldea en cuestión, abarcando unhas determinadas parcelas cuxos titulares apoiem a iniciativa. Estes titulares deben sumar polo menos o 70% da superficie total involucrada, presentando esta superficie un estado de abandono ou infrautilización de, como mínimo, o 50%. O compromiso que terán que asumir as persoas propietarias é o de cesión ou arrendamento para actividade agro-gandeira durante un período mínimo de dez anos (aínda que, naqueles casos que por razóns técnicas se xustifique, pode verse reducido a cinco anos). Unha vez presentada a solicitude, e logo de recibir un informe técnico favorable por parte do órgano xestor do Banco de Terras de Galicia, será o Consello Reitor da Agader quen declare a Aldea Modelo, a proposta da persoa titular da dirección xeral da Agader, que a continuación será declarada de utilidade pública e interese social dende a Consellería do Medio Rural.

A Aldea Modelo de Mouteira-Parada declarouse por resolución do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) o 25 de xaneiro de 2022, CVE MjKwTGP5l1.

Mediante o Decreto 89/2022, de 19 de maio, declarouse de utilidade pública e interese social a aldea modelo de Mouteira-Parada, no concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) [DOG núm. 108, do 7 de xuño de 2022].

Na declaración de utilidade pública e interese social da Aldea Modelo, autorízase á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a redacción do proxecto de ordenación produtiva da forma establecida no artigo 113 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

O presente documento, constitúe o Proxecto de Ordenación Produtiva no cal se delimitan os usos produtivos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas na Aldea Modelo, o período mínimo de arrendamento das parcelas, as parcelas adheridas ao proxecto, os cultivos ou aproveitamentos que mellor se adapten á superficie afectada, así como toda aquela información que sexa precisa para a posta en valor dos terreos.





2. AXENTES PARTICIPANTES

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da *Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo* (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

O artigo 6 da *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*, dispón que é a axencia pública autonómica, de conformidade coa *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*.

De conformidade co *artigo 8 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*, adscrita á consellaría competente en materia de medio rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente. O réxime xurídico interno da Axencia regúlase polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo rexeráse polo dereito privado, agás cando se exerzan potestades administrativas, caso en que se rexerá polo dereito público. Gozará do tratamento fiscal aplicable á Comunidade Autónoma de Galicia.






3. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO


O termo municipal de Cerdedo-Cotobade creouse no 2016 tras a fusión de dous municipios inicialmente independentes, Cerdedo e Cotobade. O antigo municipio de Cerdedo pertence á comarca de Tabeirós-Terra de Montes mentres que o antigo concello de Cotobade pertence á comarca de Pontevedra.

A comarca de Tabeirós-Terra de Montes está formada polos concellos de A Estrada, Forcarei e o antigo concello de Cerdedo. A comarca de Pontevedra está formada polos concellos de Barro, Campo Lameiro, A Lama, Poio, Pontecaldelas, Pontevedra, Vilaboa e o antigo concello de Cotobade. Estas dúas comarcas forman o centro e o norte da provincia de Pontevedra.



Imaxe 1: Localización da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

Fonte: https://es.wikipedia.org/wiki/Comarca_de_Tabeir%C3%B3s_-_Terra_de_Montes



Imaxe 2: Localización da Comarca de Pontevedra.

Fonte: https://es.wikipedia.org/wiki/Comarca_de_Pontevedra


Limita ao norte cos concellos de A Estrada e Forcarei, ao sur con Ponte Caldelas e A Lama, ao leste con Forcarei e A Lama e polo oeste, con Campo Lameiro e Pontevedra.

O termo municipal de Cerdedo-Cotobade está conformado por 21 parroquias: Aguasantas (Santa María), Almofrei (San Lourenzo), Borela (San Martiño), Carballedo (San Miguel), Caroi (Santiago), Castro (Santa Baia), Cerdedo (San Xoán), Corredoira (San Gregorio), Figueiroa (San Martiño), Folgoso (Santa María), Loureiro (Santiago), Parada (San Pedro), Pedre (Santo Estevo), Quireza (San Tomé), Rebordelo (San Martiño), Sacos (Santa María), San Xurxo de Sacos (San Xurxo), Tenorio (San Pedro), Tomonde (Santa María), Valongo (Santo André) e Viascón (Santiago).


O concello ten unha superficie de 214,52 km². A cota media do terreo sitúase nos 397 metros sobre o nivel do mar, caracterízase por ter unha superficie ondulada na que se mesturan e combinan unha sucesión de vales fluviais e outeiros con altitudes que oscilan entre os 600 e os 800 m.

A parroquia de Parada, dentro do concello de Cerdedo-Cotobade, acolle o perímetro da Aldea Modelo de Mouteira-Parada localizándose no norte do termo municipal.





Imaxe 3: Localización da AM de Mouteira-Parada no concello de Cerdedo-Cotobade.



Imaxe 4: Perímetro da AM de Mouteira-Parada.





4. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN COMO ALDEA MODELO

O lugar de Parada en Cerdedo-Cotobade, selecciónase como Aldea Modelo polas seguintes características:

1. Entidade menor de poboación con alto índice de abandono de terreos.
2. Baixa densidade de poboación e cunha media de idade avanzada.
3. Terreos con alto risco de lume forestal.
4. Terreos con alto potencial agroforestal.
5. Zonas con alto valor patrimonial e medioambiental a protexer.

4.1. OPORTUNIDADES IDENTIFICADAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN


Na visita realizada a campo identifícanse as seguintes oportunidades:

1. Alta colaboración por parte da administración local e dos veciños.
2. Interese para a posta en produción de terreos en abandono con plantacións de maceiras para sidra.
3. Zonas de alto valor ecolóxico (masas de frondosas consolidadas).

4.2. DIFICULTADES PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN

Na visita realizada a campo identifícanse as seguintes dificultades/debilidades:

1. Alto grao de fragmentación da propiedade. Existencia de muros interiores de delimitación de predios.
2. Falta de vías de comunicación interiores para dar bo acceso aos predios.
3. Aldea con pouca poboación, e abandono das edificacións.



Imaxe 5: Vista xeral de Mouteira-Parada.






5. CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA

5.1. POBOACIÓN

A concentración da poboación sobre o territorio no século XX é un feito xeneralizado a nivel nacional e autonómico, no caso da provincia de Pontevedra tamén é observable, tal e como se observa nas figuras seguintes:



Imaxe 6: Termos municipais segundo número de habitantes. 1981

Imaxe 7: Termos municipais segundo número de habitantes. 2019

Fonte IGE

A imaxe de 2019 mostra o clareado de moitos territorios asociados a diminución do volume de poboación, e en paralelo o escurecemento duns poucos entre os que se atopa a capital. No cadro seguinte obsérvase como a poboación se foi concentrando nun número limitado de termos municipais nos últimos anos, no que no ano 2019 o 61,45 % da poboación provincial concentrábase nos dez termos municipais máis poboados.

		1981	2019
36021	Vigo	261331	295364
36058	Pontevedra	64184	83029
36037	Vilagarcía de Arousa	30199	37456
36901	Redondela	27529	29218
36031	Estrada, A	27322	20479
36059	Marín	23178	24319
36054	Cangas	21983	26542
36032	Cotobade	6227	5699*
36010	Cerdedo	4421	5699*

*No ano 2019 son datos despois da fusión



Táboa 1: Evolución da poboación por termo municipais máis poboados. Pontevedra 1981-2019. Fonte INE.





Para o cálculo da poboación do municipio sumamos os datos dos dous antigos municipios nos anos previos á fusión. O municipio presenta unha evolución demográfica negativa, con unha significativa perda de habitantes durante as últimas décadas:

1998			2012			2021		
Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
7.696	3.455	4.241	6.310	2.996	3.314	5.719	2.780	2.939

Táboa 2: Evolución da poboación no concello de Cerdedo-Cotobade. *Fonte IGE.*




Gráfico 1: Evolución da poboación no concello de Cerdedo-Cotobade. . *Fonte IGE elaboración propia.*




Gráfico 2: Distribución da poboación no concello de Cerdedo-Cotobade por idades. *Fonte IGE elaboración propia.*





A densidade actual de poboación do concello, tendo en conta a súa superficie de 214,52 km², é de 28,47 hab/km² densidade moi baixa tendo en conta a galega de 91,19 hab/km².

Nos derradeiros datos publicados a nivel de parroquia (censo poboación ano 2001, e sumando datos dos dous antigos municipios antes da fusión) pódese observar que as parroquias de Tenorio (San Pedro) e Cerdedo (San Xoán), son as máis poboadas do termo municipal con 1.163 e 796 habitantes respectivamente, cifras moi superiores a menos poboadas Parada (San Pedro) con 73 habitantes.

Estes datos indicaban no seu momento, un alto índice de poboación de máis de 65 anos (46,6 %) e considérase que, tendo en conta a evolución dos últimos anos da poboación galega, esta cifra incrementaría considerablemente.

ANO 2001						
PARROQUIA	Poboación total	Poboación homes	Poboación Mulleres	% poboación menor 16 anos	% poboación entre 16 e 64 anos	% de poboación maior de 65 anos
AUGASANTAS (SANTA MARÍA)	365	139	226	7,1	54,8	38,1
ALMOFREI (SAN LOURENZO)	272	135	137	10,7	59,2	30,1
BORELA (SAN MARTIÑO)	381	186	195	8,7	69	22,3
CARBALLEDO (SAN MIGUEL)	350	159	191	10,9	60	29,1
CAROI (SANTIAGO)	180	77	103	9,4	61,1	29,4
CASTRO (SANTA BAIA)	186	90	96	6,5	54,8	38,7
CERDEDO (SAN XOÁN)	796	344	452	6,8	57,4	35,8
CORREDOIRA (SAN GREGORIO)	164	78	86	5,5	50	44,5
FIGUEIROA (SAN MARTIÑO)	285	119	166	4,6	57,5	37,9
FOLGOSO (SANTA MARÍA)	177	79	98	7,3	52,5	40,1
LOUREIRO (SANTIAGO)	185	70	115	10,8	54,1	35,1
PARADA (SAN PEDRO)	73	30	43	4,1	49,3	46,6
PEDRE (SANTO ESTEVO)	187	91	96	5,9	52,9	41,2
QUIREZA (SAN TOMÉ)	399	185	214	7,3	59,4	33,3
REBORDELO (SAN MARTIÑO)	169	70	99	5,9	56,8	37,3
SAN XURXO DE SACOS (SAN XURXO)	304	126	178	8,6	56,2	35,2
SACOS (SANTA MARÍA)	611	296	315	11,3	59,9	28,8
TENORIO (SAN PEDRO)	1163	549	614	11,3	65,5	23,2
TOMONDE (SANTA MARÍA)	197	90	107	7,6	51,3	41,1
VALONGO (SANTO ANDRÉ)	144	70	74	9	61,8	29,2
VIASCÓN (SANTIAGO)	399	205	194	11,3	62,2	26,6

Táboa 3: Datos de poboación do concello de Cerdedo-Cotobade por parroquia (Censo de poboación e vivendas. Ano 2001). *Fonte IGE.*

A parroquia de Parada (San Pedro) é a menos poboadas con tan só 73 habitantes no ano 2001. Segundo os datos publicados polo INE a 1 de xaneiro de 2020 o número de habitantes de Parada (San Pedro) era de tan só 28 habitantes, 11 homes e 17 mulleres.





5.2. ACTIVIDADE ECONÓMICA LOCAL

O concello de Cerdedo-Cotobade caracterízase pola existencia dunha crise demográfica e pola falta de estrutura empresarial.

A actual dinámica demográfica do concello Cerdedo-Cotobade tende ao estancamento, ou en todo caso cara o crecemento negativo.

A evolución actual da poboación do municipio tende a un decrecemento paulatino das partes activas da poboación (20 a 50 anos) polo envellecemento natural desta, sen achegas derivadas dos sectores máis novos. Isto derivará nun envellecemento xeral da poboación do municipio.

A taxa de actividade é moi baixa entorno o 41 %. O sector que máis traballo proporciona é o sector servizos, seguido do sector construción.

A distribución por actividades de poboación ocupada no ano 2001 correspondía cos datos reflexados na seguinte táboa.

PARROQUIA	% de ocupados na agricultura	% de ocupados na pesca	% de ocupados na industria	% de ocupados na construción	% de ocupados nos servizos
AUGASANTAS (SANTA MARÍA)	2,8	0	17,8	16,8	62,6
ALMOFREI (SAN LORENZO)	5,3	2,1	22,1	18,9	51,6
BORELA (SAN MARTIÑO)	8	0,6	20,2	26,4	44,8
CARBALLEDO (SAN MIGUEL)	12,5	0,8	16,4	7,8	62,5
CAROI (SANTIAGO)	18,6	0	14,3	31,4	35,7
CASTRO (SANTA BAIA)	7,7	1,5	15,4	18,5	56,9
CERDEDO (SAN XOÁN)	12,4	0,7	10	19,4	57,5
CORREDOIRA (SAN GREGORIO)	28,6	0	8,9	21,4	41,1
FIGUEIROA (SAN MARTIÑO)	21,4	0	14,6	24,3	39,8
FOLGOSO (SANTA MARÍA)	20,8	0	13	22,1	44,2
LOUREIRO (SANTIAGO)	3,3	0	16,7	16,7	63,3
PARADA (SAN PEDRO)	16,7	0	12,5	25	45,8
PEDRE (SANTO ESTEVO)	6,5	1,6	14,5	25,8	51,6
QUIREZA (SAN TOMÉ)	21,1	0	11,3	27,8	39,8
REBORDELO (SAN MARTIÑO)	10,2	0	8,2	20,4	61,2
SAN XURXO DE SACOS (SAN XURXO)	17,2	1	15,2	19,2	47,5
SACOS (SANTA MARÍA)	10,5	0,5	13,2	28,2	47,7
TENORIO (SAN PEDRO)	3,5	0	14,6	23,1	58,8
TOMONDE (SANTA MARÍA)	14,5	0	10,9	18,2	56,4
VALONGO (SANTO ANDRÉ)	4,3	0	8,5	36,2	51,1
VIASCÓN (SANTIAGO)	4,9	0	16,2	28,9	50

Táboa 4: Datos de poboación ocupada por sectores concello de Cerdedo-Cotobade por parroquia (Censo de poboación e vivendas. Ano 2001). Fonte IGE.





5.3. ANÁLISE SOCIOECONÓMICA

A actividade económica actual do concello de Cerdedo-Cotobade refléxase mediante os seguintes puntos:

- A economía municipal está condicionada pola proximidade á cidade de Pontevedra, xa que a maior parte dos activos traballan na industria e no sector terciario tanto na capital provincial como en Vigo.
- O sector terciario tamén é moi feble, destinado tan só a satisfacer as necesidades máis básicas da poboación.
- O sector primario, que ocupa un 8,6% dos activos, baséase nunha actividade case que marxinal e de subsistencia, practicada polas persoas de máis idade ou a tempo parcial, con pequenas explotacións que tenden a reducir o seu número.
- No municipio téñense dado procesos de concentración parcelaria, acadando no ano 2008, 1.831 ha de superficie. Este proceso reflíctese nunha modernización das explotacións e, consecuentemente, nun aumento da rendibilidade nestas explotacións.
- O sector secundario é o máis importante desde o punto de vista da base económica. A maior proporción de ocupados está na construción, seguido da industria.
- Nos últimos anos estamos asistindo a un progresivo aumento da importancia do sector terciario da economía. Este feito queda reflectido na distribución da poboación ocupada ou no desemprego. En Cotobade ocorre outro tanto, se ben a industria e a construción singularizan a base económica do concello, o terciario engloba a maior proporción de poboación ocupada.
- A agricultura, ao igual que a gandería está sufrindo un importante retroceso, debido o envellecemento da poboación.
- Unha parte da poboación das áreas rurais dedícanse a gandería, na súa maioría distribuídas en pequenas explotacións familiares. Tanto gandería de vacún (carne e leite) como de porcino.
- Ademais das actividades gandeiras tamén se desenvolve a agricultura, na súa maioría de ámbito familiar ou agricultura de autoservicio, debido a pequena superficie das explotacións.






6. CARACTERIZACIÓN CLIMÁTICA

O concello de Cerdedo-Cotobade, na parte NE da provincia de Pontevedra, aséntase na comarca de Terra de Montes, con un releve dinámico, dominado pola alternancia serra-val e abundantes relevos residuais. A altitude media soe ser inferior a los 700 m e, en xeral, aumenta cara o Leste, no seu achegamento as terras altas da dorsal montañosa.

As montañas do contexto no que se inscribe fan barreira aos ventos de compoñente suroeste-noroeste, provocando maior pluviosidade na parte oriental das montañas. En xeral, as precipitacións son continuas e elevadas de outubro a marzo. As borrascas asociadas á fronte polar durante o inverno e estacións anexas penetran cara ao interior de Galicia descargando as máximas precipitacións na zona montañosa do interior da provincia. Esta gran pluviosidade na época húmida contrasta coa pouca precipitación que ten no período estival.

Polo que se refire a temperatura o réxime oceánico favorece temperaturas suaves e non moi contrastadas. A temperatura media anual é de 12,6 graos centígrados (°C), a mais baixa das rexistradas na provincia. O inverno da unha temperatura media mensual de 6,3°C. A oscilación térmica ven ser de 13,3 °C.



Imaxe 8: Temperaturas medias anuais (°C).

En Cerdedo-Cotobade, hai unha diferenza de 390 mm de precipitación acumulada entre os meses máis secos e os máis húmidos. Durante o discurso do ano, a temperatura media é de 12,8°C e esta xeralmente varía de 6,7°C a 18,9°C rara vez baixando a menos de -4°C ou subindo máis de 35°C.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Chuvia (L/m ²)	288,8	246,1	225,3	213,7	133,7	88,32	30,82	58,94	89	214,8	277,5	420,8
Días de chuvia (Días)	15,8	16,6	15,2	14,8	11,4	11,6	7	7,2	10	14,6	16	21
Horas de sol (h)	120,1	131	178	191	254,2	228,4	281,3	272,5	226,4	172,2	115,7	92,74
Humidade relativa media (%)	88,6	86,2	80,4	80,2	78,8	82,4	79,6	79,2	80,2	84,6	89,2	92
Temperatura max. (°C)	17,9	21,82	23,78	25,54	30,42	32,54	33,94	35,14	32,16	26,72	20,94	20,54
Temperatura media (°C)	6,72	8,66	9,5	11,68	14,56	16,12	18,92	18,86	17,18	13,64	9,78	8,56
Temperatura min. (°C)	-4,12	-2,24	-2,06	-0,38	0,52	3,58	7	6,44	4,9	1,06	-0,48	-2,4

Táboa 5: Caracterización climática de Cerdedo-Cotobade. Fonte www.meteogalicia.gal.





A partir dos datos obtidos, pódese establecer que, aínda que existe unha certa correlación inversa entre os días sen xeadas e a altitude, a configuración topográfica local pode modificar moito esta tendencia, xa que os vales de altitude similar cunha morfoloxía favorable para a manifestación de fenómenos de inversión térmica están máis afectadas polas xeadas que os que son máis propicios para a circulación de masas de aire.

O risco de xeadas na zona abarca dende os tres aos seis meses nas zonas leste do municipio. No resto do municipio o tipo de xeadas clasifícase como P (pataca) e abarca dende os seis ata os sete meses e medio

A pluviosidade elévase ata os 1900 mm ao ano, as precipitacións concéntranse entre os meses de outubro e abril sendo os meses máis chuviosos decembro e xaneiro. Durante estes dous meses máis chuviosos a probabilidade de que sucedan procesos erosivos polo efecto de riada das augas é elevada.




Gráfico 3: Caracterización climática de Cerdedo-Cotobade. www.meteogalicia.gal.

- ESTIMACIÓN DAS PRECIPITACIÓNS TOTAIS DIARIAS

Para a estimación das precipitacións totais diarias correspondentes aos distintos períodos de retorno considerados utilizouse a metodoloxía recollida na publicación "Máximas choivas diarias na España Peninsular" da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, baseada na aplicación de modelos estatísticos ás series anuais de máximas choivas diarias recompiladas en estacións pluviométricas con 30 ou máis anos de rexistro agrupadas en rexións con características meteorolóxicas comúns e comparouse cun estudo estatístico das series de precipitacións máximas anuais, realizando un contraste con estacións pluviométricas próximas, achando os valores extremos por medio das distribucións de Gumbel e SQRT ET-max. Adoptando finalmente, o maior valor dos obtidos.

Pódese observar que os resultados obtidos co estudo estatístico son moi inferiores aos calculados mediante as táboas e mapas da publicación "Máximas choivas diarias





na España Peninsular”, polo que se obteñen os seguintes resultados, para a zona de proxecto:


PERIODO DE RETORNO T (ANOS)	PRECIPITACION MAXIMA DIARIA Pd (mm)
10	122,23
25	147,22
50	166,68
100	188,70
500	240,64

Táboa 6: Precipitación máxima diaria (mm) por período de retorno T (anos).

- CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA SEGUNDO PÉREZ-ALBERTI (1982)

O clima da provincia de Lugo, como toda Galicia, pertence ao tipo oceánico, que se caracteriza en xeral por temperaturas suaves todo o ano con máximas no verán e mínimas no inverno e precipitacións tamén durante todo o ano, cun máximo no inverno e un mínimo no verán. A posición do territorio de Lugo dá lugar a zonas de costa e interior, e a existencia dun alto relevo, ofrece diferenzas, carecendo doutra banda de homoxeneidade en toda a provincia. Basicamente distínguense cinco zonas climáticas na provincia de Pontevedra:

- Dominio oceánico húmido con tendencia á aridez estival.
- Dominio oceánico hiperhúmido.
- Dominio oceánico de transición.



Imaxe 9: Caracterización climática. Mapa das variantes climáticas en Galicia.

O Concello de Cerdedo-Cotobade enmárcase dentro do dominio oceánico húmido con tendencia á aridez estival (Pérez Alberti, 1982). As temperaturas varían segundo





a altitude e as precipitacións son abundantes variando dende 1.000 ata 2.500 mm (media de 1.900 mm no concello de Cerdedo-Cotobade).

Segundo o "Mapa de Vexetación Potencial" (Baseado en Rivas-Martínez, 1987, modificado), a vexetación potencial desta zona pertence á serie 8d da Rexión eurosiberiana, piso montano: Serie montana galaico-portuguesa acidófila del roble (*Quercus robur*). *Vaccinio myrtilli**Querceto roboris sigmetum*.


A etapa madura ou clímax corresponde a carballeiras densas que albergan bastantes arbustos e herbas vivaces (*Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris*). Tales carballeiras oligótrofes se desenrolan sobre sustratos silíceos pobres en bases, en xeral sobre solos profundos (terras pardas centroeuropeas oligótrofes), que se prestan ben a podsolización, sobre todo baixo a influencia do mor dos brezales substituíntes.

- CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA DE KÖPEN-GEIGER

A clasificación de Köppen-Geiger, a pesar de ser formulada por primeira vez fai máis de cen anos, segue a ser unha das máis empregadas na actualidade. Esta clasificación define diferentes tipos de clima a partir dos valores medios mensuais da precipitación e da temperatura. Para a delimitación dos tipos de clima establece límites de temperatura e precipitación baseados principalmente na súa influencia sobre a distribución da vexetación e a actividade humana.

Atendendo a esta clasificación, o concello de Cerdedo-Cotobade estaría dentro do tipo *Cfb* (Invernos fríos ou temperados e veráns frescos), esta clasificación abarca parte da zona costeira e interior de Galicia.





Imaxe 10: Clasificación climática segundo Köppen.

- CLASIFICACIÓN DE PAPADAKIS

Papadakis (1966) caracteriza o clima dende un punto de vista agroecolóxico. O máis interesante desta clasificación é o seu sentido práctico, posto que fai corresponder os límites de separación dos tipos climáticos cos límites naturais dalgúns cultivos.

Esta clasificación baséase na ecoloxía dos cultivos e parte da consideración do clima, como factor formador do solo e lindes do seu aproveitamento, a través das súas características térmicas, pluviométricas e de humidade ou aridez. Mediante os indicadores denominados "tipo de inverno", "tipo de verán" e "régime de humidade", este método fai posible determinar o espectro da zona.

Para realizar a clasificación utilízanse os valores extremos das variables climáticas como factores limitantes na distribución de diversos cultivos. Os parámetros nos que se basea son:

- Temperaturas medias das mínimas absolutas anuais e mensuais.
- Duración da estación libre de xeadas (mínima dispoñible e media).
- Temperaturas medias das máximas e mínimas.
- Elementos propios do balance hídrico.

A clasificación climática de referencia segundo Papadakis para a zona de estudo amósase a continuación:

Tipo de verán	Tipo de inverno	Régime térmico	Régime de humidade	Unidade climática
M	Av	TE	ME	Mediterráneo temperado
Millo	Avena cálido	Temperado cálido	Mediterráneo húmido	


Táboa 7: Clasificación climática segundo Papadakis.





- CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA ALLUÉ

Allué define unha rexión climática determinada polo estudo directo da magnitude dos seus valores sintéticos, para o que elabora unha clave dicotómica cos factores que, dentro destes, teñen unha significación diferencial. Estes son a temperatura media do mes máis frío, a precipitación media do mes máis frío, a precipitación anual, a altitude, a precipitación estival, o índice de aridez segundo Gausson e a intensidade da seca. En función destes valores a zona obxecto do presente estudo encadraríase dentro da subrexión *fitoclimática VI (V) Nemoral genuino*.



Imaxe 11: Subrexións fitoclimáticas Allué. *Fonte: Bioclimatología de Galicia. Fundación Pedro Barrié de la Maza.*

Segundo este autor a vexetación potencial é de tipo *Nemoral*, representada por rebolares, enciñas, carballeiras pubescentes e pedunculados, faias.





7. ANÁLISE DA ZONA DE ACTUACIÓN

7.1. ANÁLISE SIMPLIFICADA

- **CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDAD:**
 - Superficie do perímetro da Aldea Modelo: 19,58 ha.
 - Superficie de actuación: 17,29 ha (excluída zona de núcleo rural e camiños).
 - N° de parcelas catastrais: 427.
- **DESCRIPCIÓN XERAL DA ZONA:** Trátase dunha zona de cultivos agrícolas en estado de abandono en case toda a superficie, e unhas zonas con masas de frondosas autóctonas.
- **ALTITUDE MEDIA DA PARROQUIA:** 500 m. s. n. m.
- **CLASIFICACIÓN LITOLÓXICA (ESPECÍFICA):** a litoloxía do concello englobase na área cuxa morfoloxía aparece afectada pola dorsal galega no seu sector central, onde o releve se diversifica mais. Aquí observase a presenza de bloques erguidos e bloques fundidos, facéndose mais nítida a relación montaña – val. O termo localízase na porción meridional da dorsal galega, a máis elevada de todo o conxunto e, polo tanto, as súas características topográficas responden perfectamente á denominación de terra de montes. Cerdedo sitúase na vertente occidental das serras da dorsal de tal xeito que o conxunto montañoso dispónse en anfiteatro coas maiores elevacións ao sur. A comarca de Tabeirós e terra de montes integrase dentro do macizo hespérico, constituído polos materiais máis antigos da península, tectonizados durante a oroxenia herciniana. Dentro dos límites municipais o substrato litolóxico predominante esta constituído por unha rocha metamorfozada e pregada. O municipio está na chamada Galicia media que se caracteriza pola ausencia de afloramentos Devónico – Carboníferos, pola presenza de ordovício superior e silúrico xistoso moi potente, e pola ausencia de cámbrico en certos puntos, onde o Arenig chega a repousar directamente sobre o Precámbrico porfiroide. Así, o terreo de todo o municipio foi catalogado coma “Francoareoso con asociacións de solos orgánicos”. Os granitos e os gneis son os predominantes, mesturándose nalgúns partes con estruturas pizarrosas. A rocha dura encontrase, como termo medio, a unha profundidade de 60 cm.
- **CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA:** o termo municipal de Cerdedo-Cotobade está englobado nos dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival (Pérez Alberti, 1982).
- **AFECCIÓN SECTORIAL:**
 - **PATRIMONIO CULTURAL:** dentro do perímetro están situado cruceiro da Igrexa de Parada, Igrexa parroquial de San Pedro de Parada, talla de santo en muro de peche, cruz en muro de peche e nove hórreos dentro do perímetro.






- **INFRAESTRUTURAS:** polo borde do perímetro pasa a estrada EP-7106 propiedade da deputación de Pontevedra.



Imaxe 14: Afección por infraestruturas, estradas.

- **LIÑA ELÉCTRICA:** Localízase unha liña eléctrica de media tensión atravesando o perímetro.



Imaxe 15: Afección liña eléctrica.






7.2. MAPA FORESTAL

O Mapa Forestal de España a escala 1:50.000 (MFE50) é a cartografía da situación das masas forestais, realizada desde o Banco de Datos da Natureza, seguindo un modelo conceptual de usos do solo xerarquizados, desenvolvidos nas clases forestais, especialmente nos arboredos.

A base de datos componse dunha serie de campos que describen a ecoloxía e estrutura das masas. Dentro do uso forestal arborado contémpanse ata tres especies diferentes, cada unha co seu estado de desenvolvemento (repoboado, monte bravo, latizal e fustal), ocupación (porcentaxe que a especie ocupa no total das árbores) e a fracción de cabida cuberta para o total do arborado (porcentaxe de solo cuberto pola proxección horizontal das copas das árbores).

Neste caso, na área de estudo atópase unha gran área dedicada a cultivos agrícolas e prados (reflexado no seguinte cadro), unha pequena área dedicada a carballeiras (*Quercus robur*).



Imaxe 16: Tipos estruturais. MFE.

	Superficie (m ²)	Porcentaxe sobre total (%)
Cultivos	139.539,27	71,25%
Bosque	56.305,73	28,75%

Táboa 8: Distribución dos usos segundo o MFE.






7.3. MAPA DE CULTIVOS E APROVEITAMENTOS

O Mapa de Cultivos e Aproveitamentos de España a escala 1:50.000 dos anos 2000-2010, xerado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), corresponde a unha cartografía a nivel nacional sobre os usos e aproveitamentos do solo. Este mapa é a actualización da anterior versión do Mapa de Cultivos e Aproveitamento (MCA) dos anos 1980-1990. Nesta cartografía delimitáanse e describíense os cultivos e aproveitamentos do solo de todo o territorio nacional, mediante o emprego de códigos, que se agrupan en usos e sobrecargas.

Esta cartografía é básica para o desenvolvemento de estudos agronómicos, ambientais e de deseño de infraestruturas, permitindo obter información xeorreferenciada e alfanumérica, co nivel de detalle que se desexe e limitada a calquera división administrativa (municipios, provincias, CCAA e nacional).



Imaxe 17: Perímetro do proxecto sobre Mapa de Cultivos e Aproveitamentos.

Sobrecarga		Uso	
	No codificado		Regadio
	Arroz		Labor seco
	Huerta		Frutales en secano
	Citricos		Olivar en secano
	Frutales en regadio		Viñedo en secano
	Olivar en regadio		Asociación de viñedo y olivar
	Viñedor en regadio		Prados naturais
	Espartizal		Pastizal
	Coníferas		Matorral
	Fronzosas		Pastizal-matorral
	Coníferas y fronzosas		Coníferas
			Chopo y álamo
			Eucalipto
			Otras fronzosas
			Asociación de coníferas y eucalipto
			Asociación de coníferas y outras fronzosas
			Improductivo
			Improductivo agua
			Asociación de viñedo y frutales

Imaxe 18: Lenda do mapa do mapa de cultivos e aproveitamentos.

	Superficie (m ²)	Porcentaxe sobre total (%)
Labor de secaño	41.781,38	21,23%
Pasto	85.691,41	43,75%
Fronzosas	57.041,23	29,13%
Improductivo	11.330,98	5,79%


Táboa 9: Distribución dos usos segundo o mapa de cultivos e aproveitamentos.





7.4. CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS

Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cerdedo (PXOM) que foi aprobado definitivamente mediante a ORDE do 23 de setembro de 2014, os terreos incluídos no perímetro proposto para a Aldea Modelo de Mouteira-Parada pertencen á categoría de solo rústico, clasificado en Solo Rústico de Protección Agropecuaria, Solo Rústico de Protección de Infraestruturas, Solo Rústico de Protección de Augas, Solo Rústico de especial Protección Patrimonial e á categoría de solo de núcleo rural, clasificado en Solo de Núcleo Rural tradicional e Solo de Núcleo Rural sen categorizar, quedando excluídos estes últimos da zona de actuación.



Imaxe 19: Perímetro AM Mouteira-Parada sobre PXOM de Cerdedo.

Regula a Disposición Transitoria Primeira 1.d da vixente *lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG)*, que establece que os plans adaptados á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)*, como neste caso:

"Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo".

Tendo en conta o establecido na *lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia*:

- Solo rústico de especial protección:
 - Protección agropecuaria, esta tipoloxía de solo está constituído polos terreos que foron obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.
 - Protección forestal, constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña competencia sectorial en materia forestal.
 - Protección de augas, constituído polos terreos situados fora dos núcleos rurais e do solo urbano definidos como dominio público hidráulico na





respectiva lexislación sectorial, as súas zonas de policía e as zonas de fluxo preferente.

- Protección de espazos naturais, constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.
- Protección de infraestruturas, constituído polos terreos rústicos destinados ó emprazamento de infraestruturas e as súas zonas de afección, como comunicacións, instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración de auga, xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio.
- Protección patrimonial, constituído polos terreos protexidos pola lexislación de patrimonio cultural.

7.5. CAPACIDADE PRODUTIVA DOS TERREOS

F. Díaz-Ferros e F. Gil (1984), a partir da base metodolóxica desenvolvida pola FAO, publicaron o Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia (MCPSG). Estaba pensado como unha contribución ao desenvolvemento agrario de Galicia pero á vez achegaba unha cartografía dese territorio, susceptible dunha análise diacrónica a partir de criterios históricos e arqueolóxicos.

O Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia clasifica a terra segundo as calidades que determinan o seu potencial produtivo. O resultado é unha división do territorio en unidades fisiográficas de calidades homoxéneas, identificadas cun código (ex. A M 74 S) onde a primeira letra identifica as calidades estruturais das terras, a segunda letra o sometemento ao risco de xeadas, o primeiro número o réxime hídrico, o segundo a dispoñibilidade de nutrientes e a última letra a toxicidade do solo.


A primeira variable divide as calidades estruturais das terras en 7 categorías (A-G) en función da pendente, a profundidade do solo, a cantidade de afloramentos rochosos e o risco de erosión. Este parámetro trata de avaliar as posibilidades de implantar unha agricultura mecanizada. Na Aldea Modelo de Mouteira-Parada, identifícanse unha tipoloxía de solo, tal e como se indica de seguido:





Clase	Pendiente %	Afloramientos %	Profundidad cm	Riesgo erosión
A	< 3	< 10	> 100	1-2
B	< 3 3-10	< 10	50-100 > 100	1-2 2-3
C	< 3 < 10 3-10	10-25 10-25 < 10	50-100 > 100 50-100	1-2 2-3 1-3
D	3-10 3-10 10-20	< 25 10-25 < 25	> 50 50-100 > 50	4 1-3 2-3
E	10-20 20-35 < 35	< 25 < 25 < 25	> 50 > 50 25-50	4 3-4 1-4
F	< 35 35-50	25-50 < 50	> 25 > 25	1-4 4
G	> 50	> 50	< 25	4

Táboa 10: Calidades estruturais da terra no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia.



Imaxe 20: Clasificación das terras na zona de actuación no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia.

Segundo a clasificación de Díaz Fierros, o perímetro do proxecto engloba terreos pertencentes á clase D e clase E:

- Clase D: Solos nos que se pode empregar maquinaria pesada pero con risco de erosión graves. Solos nos que está impedida a utilización de maquinaria pesada na maior parte dos casos pola existencia de afloramentos rochosos e/ou por exceso de pendente. En xeral con profundidades intermedias que limitan o crecemento de plantas de enraizamento profundo. Risco de erosión moderado.
- Clase E: Solos que só permiten a utilización de maquinaria manual ou de tracción animal e con profundidades que varían de superficiais a profundas. Ou ben solos que admiten aplicación de maquinaria lixeira





pero que o seu aproveitamento está limitado ou ben por pendentes ou afloramentos excesivos, ou riscos de erosión graves. Ou ben solos que admiten a aplicación de maquinaria pesada pero que están fortemente limitados por unha escasa profundidade, sendo o risco de erosión de nulo a grave. Solos de tipo marsh costeiros.

O seu gran valor para estudar o uso da terra na antigüidade é que as principais características da mesma son "moi dificilmente modificable[s]" (Díaz-Ferros e Gil Sotres 1984:15):

"15). O campo galego foi obxecto dunha profunda transformación ao longo dos séculos".

As terras con demasiada pendente ou con solos pouco profundos foron axeitadas coa construción de bancais e socalcos e por medio de desmontes. Estas terras son clasificadas como "d" (tipo D orixinal mellorado) e "e" (tipo E mellorado).

Segundo o réxime térmico establécense 5 categorías en función da duración da tempada de risco de xeadas. Exprésase a partir dun tipo de cultivo ideal, cuxa produción se fai inviable desde ese nivel: Limoeiro < 3 meses; Millo entre 3-6 meses; Trigo 7,5-9 meses; Patata 6-7,5 meses; Nardus > 9 meses.

A variable do réxime hídrico dos solos avalíase a partir de 9 categorías. As terras con exceso de auga están entre 1 e 4 e as que presentan un déficit de precipitación entre 5 e 9. A valoración das terras de acordo co réxime pluvial conta con 5 categorías que clasifican os solos ben drenados segundo o número de días anuais con déficit de precipitación."

Clase	Régimen hídrico
Exceso de Agua	
1	Suelos tipo <i>marsh</i> , sumergidos permanente o casi permanentemente
2	Suelos tipo <i>gley</i> , suelos arcillosos sumergidos casi permanentemente, con la capa freática alta.
3	Suelos <i>pseudogley</i> , <i>anmoor</i> o pelosoles, con la capa freática alta, pero que desaparece en verano.
4	Suelos bien drenados
Días con déficit de precipitación	
5	< 30 días
6	30 - 60 días
7	60 - 90 días
8	90 - 120 días
9	> 120 días

Táboa 11: Clasificación do réxime hídrico no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia.

A dispoñibilidade de nutrientes da terra considera outras 5 categorías segundo a presenza dos principais macronutrientes. O criterio de clasificación do MCPSG non se basea na mostraxe e análise dos solos, xa que a práctica, habitual no campo galego, de incorporar nutrientes artificiais podería restar representatividade aos resultados. Considera a fertilidade potencial dependente do tipo de solo, unha característica estrutural da terra que se pode proxectar sen problemas cara ao pasado.





Só se sinala a toxicidade debida a salinidade (solos s) ou níquel (solos n).


Clase	Disponibilidade potencial de nutrientes
1	Suelos con disponibilidad óptima pH > 6,5 saturación > 75%
2	Suelos con disponibilidad buena pH > 5,5 saturación > 50%
3	Suelos derivados de rocas calizas y esquistos del complejo de Ordenes con disponibilidad moderada pH > 5 saturación 15 - 50%
4	Suelos derivados de rocas graníticas y esquistos con disponibilidad mala. pH 4,5 - 5 saturación 7 - 15%
5	Suelos derivados de areniscas, cuarcitas y materiales sedimentarios con disponibilidad muy deficiente. pH < 4,5 saturación < 7%

Táboa 12: Clasificación da dispoñibilidade de nutrientes no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia.

Para poder analizar a intensidade de produción segundo as características intrínsecas dos solos, realízase unha clasificación tendo en conta:

1. A agricultura de carácter intensivo é de rendementos constantes con ciclos de rotación complexos que poden achegar dúas colleitas anuais. Emprégase un tipo de solo rico en nutrientes e cun elevado nivel hídrico, polo que é difícil de bouzar.
A combinación de cereais de inverno e de primavera permite producir dúas colleitas anuais con rotacións complexas grazas ás leguminosas.
A agricultura de carácter extensivo, baseada en ciclos longos, é factible en solos lixeiros máis fáciles de traballar e opta por terras ben drenadas e pouco profundas. As terras de uso extensivo teñen solos lixeiros, ben drenados. As súas limitacións para unha agricultura de ciclos longos están relacionadas co clima ou as características litolóxicas do solo.
2. As terras de uso intensivo ocupan o fondo dos vales. Son solos pesados, ricos en nutrientes, sen litosois nin zonas pedregosas significativas. Permiten o desenvolvemento dunha agricultura intensiva, con ciclos curtos e rotacións complexas, susceptible de achegar varias colleitas ao ano.
3. As terras non aptas para a agricultura adoecen de importantes deficiencias debidas á pendente, as propiedades do solo e as condicións climáticas. Como permiten captar recursos silvícolas e cinexéticos definíronse como terras de captación pero, mantívose o cualificativo de nulo ao enfocar a análise aos usos agro gandeiros en terreos agrícolas.





Imaxe 21: Mapa de usos potenciais da terra de Galicia.

	Intensiva	Extensiva	Nula / captación recursos
Pendiente	< 3-10%	< 10-35%	> 35%
Pedregosidad	< 10-25%	< 25%	> 25-50%
Profundidad	> 100 / 50-100 cm	> 50 cm	< 25 cm
Riesgo de erosión	sin riesgo / riesgo moderado	riesgo moderado / grave	riesgo grave
Riesgo de heladas	< 3 – 7,5 meses	< 3 – 9 meses	7,5 – > 9 meses
Régimen hidrico	≥ 4 5 – 7	≥ 4 5 - 8	1- 3 8 - 9

Táboa 13: Criterios de conversión do Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia á reclasificación en terras con tres usos potenciais de produción agrícola.





7.6. CARACTERIZACIÓN FÍSICA DOS TERREOS

Para poder establecer a orientación dos terreos deberase realizar unha análise das condicións físicas da zona de actuación, analizando en detalle as pendentes, elevacións, orientacións e características físico-químicas dos solos da zona de actuación.



Imaxe 22: Distribución de pendentes na zona de actuación

Pendente	Superficie (m ²)	Porcentaxe sobre total (%)
<2%	63.945,75	32,65
2-5%	696,29	0,36
5-10%	18.703,70	9,55
10-15%	9.640,07	4,92
15-20%	59.534,56	30,40
20-25%	5.270,58	2,69
25-35%	3.288,62	1,68
35-50%	1.816,22	0,93
>50%	32.949,52	16,82
	195.845,31	100

Táboa 14: Distribución de pendentes na zona de actuación.





A altitude media da zona de actuación sitúase entre os 430-620 metros, sendo as altitudes medias da zona as que se indican na seguinte imaxe:




Imaxe 23: Distribución de altitudes no perímetro do proxecto.

En canto ás orientacións, na zona de actuación a orientación Este é a menos presente sendo as orientacións Norte, Sur e Oeste as presentes case a igualdade de superficie.

Orientación	Superficie (m ²)	Porcentaxe sobre total
Norte	94.618,41	48,31%
Sur	9.279,99	4,74%
Este	32.587,30	16,64%
Oeste	9.903,82	5,06%
Plana/sen orientación	49.455,79	25,25%
	195.845,31	100,00

Táboa 15: Distribución de orientacións na zona de actuación.





Imaxe 24: Distribución das orientacións no perímetro do proxecto.

Para complementar a análise, utilizouse a ferramenta "Propiedades dos Solos de Galicia", que integra as Ciencias do Solo, Matemáticas e Ciencias Xeo-Computacionais mediante o desenvolvemento da disciplina coñecida como "Digital Soil Mapping" (McBratney, 2003), centrada na creación de modelos predictivos para a estimación espacial de propiedades do solo. É un conxunto de bases de datos xeorreferenciadas, en forma de mapas dixitais a alta resolución espacial, xeradas por medio de métodos de inferencia estatística a partir de observacións de campo, datos de laboratorio e parámetros ambientais auxiliares ["Establecemento dun sistema experto de base tecnolóxica para a cuantificación de propiedades de solos en Galicia" (EM2012/060) -Proxecto financiado pola Xunta de Galicia dentro do Programa de Investigadores Emerxentes na convocatoria 2012 (Investigador Principal: Luís Rodríguez Lado; luis.lado@usc.es)].

Con esta ferramenta, establecéronse as características físicas e químicas do solo para cada parcela a porcentaxe de arxila, area e limo e materia orgánica, o valor de pH, ...

A modo de resumo, os valores medios da zona inclúense na táboa seguinte:

CARACTERÍSTICA	VALOR
pH	4,5 – 5,5
Materia Orgánica (%)	8 – 16
Carbono Orgánico (%)	4 – 7
Densidade do solo (g.cm^{-3})	0,8 – 1
Porosidade (%)	65 - 70
Textura	Franca
Textura (HYPRES)	Media
Limo (%)	36 - 46
Arxila (%)	15 - 19
Area (%)	36 - 49

Táboa 16: Resumo de valores medios para a caracterización de terreos na zona de actuación.






7.7. CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDADE DOS TERREOS

As parcelas obxecto de actuación no proxecto de Aldea Modelo son un total de 427 predios, tendo en conta que no cómputo non se inclúen as parcelas localizadas en zona de núcleo rural.


A superficie total do perímetro da aldea modelo é de 19,58 ha. A superficie media dos predios que forman o perímetro é de 319,72 m², sendo o total da superficie de actuación 17,29 ha.



Imaxe 25: Distribución do tamaño das parcelas no perímetro do proxecto.

Como se pode observar na imaxe anterior a maioría das parcelas atópanse incluídas no rango 0-0,1 ha; analizando un pouco máis a fondo este rango de superficie podemos concluír que o 94,62 % dos predios ten unha superficie inferior os 1.000 m².





Imaxe 26: Distribución do número de titulares por parcela no perímetro do proxecto.

En relación á titularidade das parcelas, a maioría (o 98,1 %) está en mans dunha soa persoa, cunha media de 3,9 parcelas por persoa; 8 referencias catastrais posúen máis dun titular.

No Anexo I detállase a relación das parcelas incluídas no perímetro, parcelas excluídas e as súas causas de exclusión, así como a relación das parcelas das que non foi posible localizar ás súas persoas titulares.

No referente o tipo de propiedade, dentro da zona de estudo non existe superficie pertencente a Montes Veciñais en Man Común (MVMC), segundo datos obtidos ata a data a titularidade dos predios corresponde a persoas físicas.

7.8. DEFINICIÓN DE USOS

A definición de usos corresponde coa necesidade de establecer a evolución dos usos na zona de estudo, coñecendo isto, pódense coñecer datos fundamentais que apoiem á implantación dos usos óptimos do perímetro de aldea modelo.

A partir de un estudo realizado na zona (análise de campo parcela a parcela e entrevistando a propietarios) en combinación con fotointerpretación do voo americano dos anos 1956 e 1957 chegaronse a establecer os usos históricos da zona de estudo resultando os usos definidos na seguinte imaxe.


Como usos do solo históricos atopamos:

- Cultivos e prados: terreos nos que se aplicaban labores necesarios para obter un aproveitamento agrícola. Esta categoría inclúe terras de cultivo intensivos, cultivos permanentes e terras con cultivos en distintas alternativas de rotación.





- Frondosas autóctonas caducifolias: formacións forestais compostas de árbores, incluíndo estados novos e rexenerados dos mesmos, predominan as especies frondosas que perden a folla ao comezo da estación máis desfavorable.
- Coberturas artificiais: engloba o núcleo rural tradicional.




Imaxe 27: Usos históricos sobre imaxe aérea anos 50.

Empregando a mesma metodoloxía pero neste caso en combinación coa ortofoto de máxima actualidade, establécense os usos actuais da zona chegando a obter unha visión xeral da evolución dos usos da zona.

Como usos actuais establecidos mediante esta metodoloxía establécense:

- Superficie cuberta por matogueira: pastos herbáceos de carácter permanente, producidos polo home nun pasado remoto, pódense segar e son susceptibles de pastoreo. Inclúe aqueles terreos tradicionalmente empregados como agrícolas en actual estado de abandono.
- Cultivos herbáceos e prados: representa o territorio no que se aplican labores necesarios para obter un aproveitamento agrícola. Inclúe terras de cultivos extensivos, cultivos permanentes.
- Labradío: terras con cultivos en distintas rotacións.
- Plantación de árbores para froito: formacións forestais compostas por castiñeiros plantados non seu día polo home para ou cultivo produtivo desta especie e que se seleccionaron pola súa cantidade e calidade de froito.
- Frondosas autóctonas caducifolias: formacións forestais compostas basicamente por carballos, salgueiros, bidueiros e algún castiñeiro.
- Artificial: engloba o núcleo rural tradicional, as estradas e as parcelas de uso residencial.





Imaxe 28: Usos actuais da zona do perímetro.

7.9. ANÁLISE HISTÓRICA

Para coñecer o uso tradicional dos terreos, realízase un estudo evolutivo do aproveitamento do medio rural mediante a análise das ortofotos existentes.

Para acreditar historicamente o aproveitamento dos terreos consultáronse as ortofotos históricas da fototeca dixital do Instituto Xeográfico Nacional, en estas imaxes constátase a existencia de actividade agraria e forestal en todo o perímetro definido como Aldea Modelo.





1. VOO AMERICANO (1956-57)



Imaxe 29: Imaxe histórica. Voo americano (1956-57)

2. ORTOFOTO ANO 2003



Imaxe 30: Imaxe histórica. PNOA 2003.






3. ORTOFOTO ANO 2008



Imaxe 31: Imaxe histórica. PNOA 2008

4. ORTOFOTO ANO 2010



Imaxe 32: Imaxe histórica. PNOA 2010.





5. ORTOFOTO ANO 2014



Imaxe 33: Imaxe histórica. PNOA 2014

6. ORTOFOTO ANO 2017



Imaxe 34: Imaxe histórica. PNOA 2017





7. ORTOFOTO ANO 2020



Imaxe 35: Imaxe histórica. PNOA 2020


8. CONCLUSIÓN

Da revisión evolutiva das diferentes ortofotos, podemos concluír que na ortofoto do ano 1956-57 identificábase claramente que a maioría da superficie do perímetro estaba aproveitada para cultivo agrícola. Nos últimos anos existe unha progresión no abandono do cultivo das terras, incrementándose a superficie de herbais e matogueiras.

7.10. ESTADO ACTUAL

Complementario á definición de usos, determínanse os usos agroforestais actuais tomándose como punto de partida os usos actuais reflexados na cartografía do SIXPAC.





Imaxe 36: Usos segundo SIXPAC.

Con esta cartografía de base, e tras realizar a inspección en campo parcela por parcela, chegouse a definir o uso actual na zona de estudio.

USO ACTUAL	ÁREA (ha)	PORCENTAXE (%)
Forestal	3,05	15,58
Froiteiras	0,35	1,79
Improdutivos	0,04	0,20
Pateiro	1,93	9,86
Pasto arbustivo	3,33	17,00
Pasto con arborado	0,06	0,31
Terra arable	9,35	47,75
Outros	1,47	7,51
TOTAL	19,58	100,00

Táboa 17: Clasificación da superficie segundo usos SIXPAC.

Segundo o SIXPAC o uso principal nesta aldea é a terra arable que ocupa un 47,75 % da superficie total da área de actuación, seguido polo pasto arbustivo que representa un 17,00% da superficie total.






En canto ao estado actual dos terreos conclúese que da superficie de actuación que engloba o perímetro da aldea modelo, un 81,14 % mostra na actualidade un estado de abandono ou infrautilización.

USO ACTUAL	ÁREA (ha)	PORCENTAXE (%)
Abandono	14,03	81,14
Uso agrícola	2,97	17,18
Uso forestal	0,15	0,87
Outros	0,14	0,81
TOTAL ACTUACIÓN	17,29	100,00

Táboa 18: Distribución da superficie por estado actual.



Imaxe 37: Estado actual da zona do perímetro segundo datos do traballo de campo.

A situación actual, con un alto índice de abandono/infrautilización dos terreos xera unha gran potencialidade da zona para a súa posta en produción sen que existan grandes condicionantes como poderían ser a existencia de terreos en produción ou masas consolidadas de frondosas autóctonas.





7.11. CARACTERIZACIÓN VISUAL DA SITUACIÓN ACTUAL

Na visita previa á zona de actuación, revisouse o perímetro proposto, para analizar de xeito xeral o estado dos terreos na actualidade.

Os resultados da visita reflíctense nas seguintes imaxes:



Camiño de acceso aos predios.



Zona en uso.



Zona en abandono.



Zona en abandono.



Liña eléctrica.



Zona en abandono.





Elemento etnográfico a protexer.



Zona en uso.



Vía interior da aldea.



Elemento etnográfico a protexer.



Masa de frondosas.



Masa de frondosa e mato.



Zona en abandono.



Zona en abandono.





8. CARACTERIZACIÓN DA PROTECCIÓN PATRIMONIAL

A normativa de obrigado cumprimento que regula as actuacións son:

- *Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.*
- *Decreto 199/97, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*
- *Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*
- *As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo, a ordenación do territorio e o planeamento urbanístico, en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural.*

Unha vez consultados o rexistro arqueolóxico da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o catálogo de elementos protexidos no PXOM do concello de Cerdedo e o Plan Básico Autonómico, no perímetro da Aldea Modelo de Mouteira-Parada realizaranse traballos nalgunhas parcelas incluídas nos contornos tanto de xacementos censados-catalogados e de elementos catalogados do Patrimonio Cultural.

Os contornos que afectan ás parcelas que se atopan dentro do perímetro de actuación da Aldea Modelo de Mouteira-Parada son os seguintes:

- Cruceiro da Igrexa de Parada (código PXOM 25-AR-1 e PBA 36902_31880).
- Igrexa parroquial de San Pedro de Parada (código PXOM 25-AR-2 e PBA Cerdedo-Cotobade_45063).
- Talla de santo en muro de peche (código PXOM 26-AR-1 e PBA Cerdedo-Cotobade_44916).
- Cruz en muro de peche (código PXOM 26-AR-2 e PBA Cerdedo-Cotobade_45342).
- Hórreo (código PXOM 25-AE-1 e PBA Cerdedo-Cotobade_45645).
- Hórreo (código PXOM 25-AE-2 e PBA Cerdedo-Cotobade_45646).
- Hórreo (código PXOM 25-AE-3 e PBA Cerdedo-Cotobade_45643).
- Hórreo (código PXOM 25-AE-4 e PBA Cerdedo-Cotobade_45647).
- Hórreo (código PXOM 26-AE-2 e PBA Cerdedo-Cotobade_45648).
- Hórreo (código PXOM 26-AE-3 e PBA Cerdedo-Cotobade_45649).
- Hórreo (código PXOM 26-AE-4 e PBA Cerdedo-Cotobade_45650).
- Hórreo (código PXOM 26-AE-5 e PBA Cerdedo-Cotobade_45651).
- Hórreo (código PXOM 26-AE-6 e PBA Cerdedo-Cotobade_45652).

Segundo o disposto no artigo 39.1 da Lei 5/2016, "As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizados pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establece esta lei".





Os elementos coa consideración de ben integrantes do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o artigo 30 da LPCG, por atoparse incluídos no catálogo do PXOM do concello de Cerdedo-Cotobade, son:

1. CRUCEIRO DA IGREXA DE PARADA (código PXOM 25-AR-1).

Cruceiro.

O cruceiro atópase emprazado no medio do camiño que leva a igrexa parroquial de San Pedro de Parada. O contorno está cheo de árbores e prados e por suposto é peza fundamental a igrexa parroquial. Presenta plataforma de tres grados cuadrangulares e pedestal cúbico coas arestas biseladas, varal cilíndrico liso rematado nun capitel que de base cilíndrica tallada pasa a base cuadrangular cun anxo en cada cara. Crucifixo de sección cadrada biselada con imaxes, no anverso ten a cristo crucificado con coroa de espiñas, cabeza ladeada á dereita e I.N.R.I. No anverso está a virxe pregando cun anxo nos pés. Ten unha altura duns catro metros, na base ten un altar de mesa.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 25-AR-1.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA 36902_31880.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

2. IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE PARADA (código PXOM 25-AR-2).

Igrexa.

O contorno da igrexa parroquial está formado sobre todo por prados. Atópase illada e unha serie de árbores salpican a paisaxe. Ten o mesmo perigo que a maior parte das igrexas parroquiais do concello ser fagocitada polo crecemento do cemiterio. No camiño que leva a ela hai un cruceiro de gran beleza.

Igrexa do século XVIII dunha nave cabeceira de planta cadrada e corpo adosado lateral, muros de cantería, portada adintelada con pináculos espadana con dous arcos e frontón triangular con 3 pináculos de remate, contrafortes nos muros laterais, muro que pecha o recinto da igrexa e do cemiterio, afundido respecto da estrada e o contorno.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 25-AR-2.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45063

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

3. TALLA DE SANTO EN MURO DE PECHE (código PXOM 26-AR-1).

Talla.

Atópase na porta de entrada dunha propiedade particular no medio do núcleo de Parada, de xeito que o contorno fórmano as casas do núcleo.

Imaxe de Santo duns 50cm de altura feita en granito e colocada nunha peña sobre a porta de acceso a unha propiedade privada. Representa a un santo vestido con hábito e cunha pluma de ave na man dereita e o que semella ser un tinteiro na outra.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 26-AR-1.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_44916.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].





4. CRUZ EN MURO DE PECHE (código PXOM 26-AR-2).

Cruz.

Atópase na porta de entrada dunha propiedade particular, no medio do núcleo de Parada, de xeito que o contorno fórmano as casas do núcleo.

Cruz de pedra colocada sobre portalón de entrada a propiedade particular. Cruz latina de sección rectangular biselada, sen imaxe e cunha base de varias molduras e unha gorxa, o lintel no que se apoia é dunha peza e irregular.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 26-AR-2.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45342.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

5. HÓRREO (código PXOM 25-AE-1).

Hórreo.

O hórreo atópase nunha finca particular en solo de núcleo rural no centro do núcleo de Mouteira constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra e polo seu bo estado de conservación. Está rodeado de viñedos. Posúe por unha cuberta de tella curva do país, ten dous vanos, costais de madeira, cruz, pináculo, doelas e penais.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 25-AE-1.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45645.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

6. HÓRREO (código PXOM 25-AE-2).

Hórreo.

O hórreo atópase nunha finca particular, en solo de núcleo rural, no centro do núcleo de Mouteira e constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra e polo seu bo estado de conservación. Posúe por unha cuberta de tella plana, ten dous vanos e os seus costais son de madeira.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 25-AE-2.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45646.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

7. HÓRREO (código PXOM 25-AE-3).

Hórreo.

O hórreo atópase nunha finca particular en solo de rústico no fondo do núcleo de Mouteira constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra e polo seu bo estado de conservación. Está rodeado de viñedos. Posúe por unha cuberta de tella curva do país, ten dous vanos, costais de madeira, cruz, pináculo, doelas e penais.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 25-AE-3.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45643.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].





8. HÓRREO (código PXOM 25-AE-4).

Hórreo.

O hórreo atópase nunha finca particular en solo de núcleo rural no fondo do núcleo de Mouteira constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra. Forma un conxunto interesante xunto coa casa tradicional á que pertence. Posúe por unha cuberta de tella plana, ten dous vanos, costais de ladrillo, cruz, pináculo, doelas e penais.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 25-AE-4.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45647.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

9. HÓRREO (código PXOM 26-AE-2).

Hórreo.

O hórreo atópase nunha finca particular en solo de núcleo rural de Parada, constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra e polo seu bo estado de conservación. Posúe por unha cuberta de tella plana, ten tres vanos, costais de madeira, cruz, pináculo, doelas e penais.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 26-AE-2.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45648.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

10. HÓRREO (código PXOM 26-AE-3).

Hórreo.

O hórreo atópase nunha finca particular en solo de núcleo rural no fondo do núcleo de Parada, constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra e pola súa boa situación. Posúe por unha cuberta de tella plana (en mal estado), ten dous vanos, costais de madeira (en mal estado), doelas e penais.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 26-AE-3.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45649.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

11. HÓRREO (código PXOM 26-AE-4).

Hórreo.

O hórreo atópase nunha finca particular en solo de núcleo rural no fondo do núcleo de Parada, constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra e polo seu bo estado de conservación. Posúe por unha cuberta de lousa, ten dous vanos, costais de madeira, cruz, pináculo, doelas e penais.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 26-AE-4.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45650.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].





12. HÓRREO (código PXOM 26-AE-5).

Hórreo.

O hórreo atópase nunha finca particular en solo rústico no fondo do núcleo de Parada, constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra e polo seu bo estado de conservación. Posúe por unha cuberta de pedra, ten dous vanos, costais de madeira, doelas e penais.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 26-AE-5.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45651.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].

13. HÓRREO (código PXOM 26-AE-6).

Hórreo.


O hórreo atópase nunha finca particular en solo de núcleo rural no fondo do núcleo de Parada, constitúe unha referencia e chama a atención pola súa estrutura de pedra e polo seu bo estado de conservación. Posúe por unha cuberta de lousa, ten dous vanos, costais de madeira, cruz, pináculo, doelas e penais.

Código no Catálogo das PXOM de Cerdedo-Cotobade: código 26-AE-6.

Grado de protección: Integral.

Código no Catálogo da Xunta: PBA Cerdedo-Cotobade_45652.

Categoría do Ben: Inventariado [Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM) Elemento Catalogado do Patrimonio Cultural].



Imaxe 38: Elementos patrimoniais a protexer.





Para a protección dos elementos patrimoniais inventariados na zona de actuación, previo ao inicio dos traballos ou de calquera labor relacionada con eles, deberanse cumprir as seguintes condicións:


- Balizamento dos xacementos arqueolóxicos seguindo unha perimetral que garanta a intanxibilidade da área de protección integral ou, de non estar esta precisada, en canto as evidencias físicas en superficie (estruturas defensivas dos castros, protuberancias nos relevos nas mámoas e outros xacementos megalíticos, afloramentos rochosos nos petróglifos etc.).
- As rozas serán exclusivamente manuais na inmediación dos elementos patrimoniais inventariados.
- Non se realizarán movementos de terra, nin amoreamentos ou depósitos, nin se poderá abrir pistas novas no contorno de protección dos xacementos.
- Respetaranse os afloramentos rochosos, por se existise arte rupestre. En ningún caso a maquinaria ou o tráfico rodado se realizará sobre deles. Tampouco se arrastrarán troncos nin refugallos sobre a súa superficie nin se amorearán nin se depositarán enriba destes.
- Non se talarán en ningún caso árbores frondosas autóctonas en cumprimento do establecido na propia Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.





9. CARACTERIZACIÓN DA PROTECCIÓN HIDROGRÁFICA

En materia de Augas a normativa de aplicación será o *Real Decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, Lei 9/2010 do 4 de novembro de Augas de Galicia, Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Real Decreto 849/1986, do 11 de abril)* e *Orde do 28 de xaneiro de 2016 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real Decreto 11/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproban os plan hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das bacías mediterráneas andaluzas, o Guadalete e do Tinto, Odiel e Piedras.*



Imaxe 39: Zonas afección hidrográfica.

Pola zona de actuación do proxecto discorre o río Lérez. A *lexislación de augas, tanto no artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Augas, aprobada polo Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo (A), como o artigo 6 do Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH), establece nas marxes laterais das canles, e en toda a súa extensión lonxitudinal, unhas faixas laterais de protección de 100 metros, subdivididas á súa vez en dúas zonas coñecidas como zona de servidume e policía, en concreto:*

- A zona de servidume de 5 metros de anchura para uso público regulado regulamentariamente.
- A zona de policía de 100 metros de anchura na que se condicionará o uso do chan e as actividades que se desenvolvan.





10. CARACTERIZACIÓN INFRAESTRUCTURAS


En materia de estradas, a normativa de aplicación será o establecido na *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.*

Neste regulamento xeral establece, para o caso das estradas convencionais como a que afecta ao proxecto, que nas marxes das estradas e en toda a súa extensión lonxitudinal, unhas faixas de dominio público e faixas de protección, a súa extensión establécese:

- A zona de dominio público é a distancia medida dende a aresta exterior da explanación correspondente á calzada medida perpendicular a esta. Esta distancia establécese en dez metros no caso de estradas convencionais.
- A zona de afección é aquela que, medida do mesmo xeito que a anterior, ocupa trinta metros no caso de estradas convencionais.

Para a afección a outras infraestruturas de transportes, a normativa de aplicación será:

- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*
- Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación dos Transportes Terrestres.*



EXPLANACIÓN: Franja de terreno en la que se ha modificado la topografía natural del suelo y sobre la que se construye la línea férrea, se disponen sus elementos funcionales y se ubican sus instalaciones.
ARISTA EXTERIOR DE LA EXPLANACIÓN: Intersección del pie del talud del terraplén o línea de coronación de trinchera o desmonte o, en su caso, de los muros de sostenimiento con el terreno natural.

Imaxe 40: Zonas de afección por infraestruturas.

As actuacións a realizar en zonas de afección de infraestruturas requiren as autorizacións necesarias por parte do organismo titular da estrada.





11. ORDENACIÓN PRODUTIVA DOS TERREOS

A análise do grao de abandono dos predios da zona de actuación, mediante o estudo realizado parcela a parcela, completándoo coas características climáticas, hidrolóxicas, edafolóxicas, de produción e limitacións; permitiu a xeración de fichas individuais descritivas nas que se identifican tanto os elementos que poderían condicionar un futuro cultivo unha futura posta en produción dos terreos, así como a análise individual da orientación produtiva de cada parcela. As producións potenciais que se atopan en parcelas similares na contorna.

Esta análise permite obter unha caracterización xeral da zona de estudo, tanto a nivel global para o conxunto do perímetro da aldea como a nivel de parcela, chegando a propoñer unha clasificación na que se establece unha zonificación óptima para o cultivo dunha especie principal e outra secundaria.


Neste punto preténdese determinar aqueles cultivos ou aproveitamentos para os que existe unha maior aptitude, xustificando a decisión tecnicamente, dende o punto de vista económico, técnico, social e ambiental, na totalidade ou parte do perímetro, tanto un uso ou actividade principal como secundaria.

11.1. CARACTERIZACIÓN DOS TIPOS DE CULTIVO ANALIZADOS

Para analizar o uso para a posta en produción agrogandeira e forestal dos terreos, mediante o establecemento de actividades gandeiras ou cultivos agrarios e forestais para obtención de froito, establécese unha proposta de actividade principal e secundaria. Para isto, construíuse un sistema de información xeográfica (SIX) no que se verteron todos datos recompilados que se mencionaron nos apartados anteriores (datos bibliográficos, de gabinete e obtidos en campo), no cal a partir de diferentes técnicas de análise chegouse a propoñer un cultivo ou actividade principal e secundaria para cada unha das parcelas da aldea.

Debido ás condicións identificadas na zona afectada polo proxecto de Aldea Modelo de Mouteira-Parada (Cerdedo-Cotobade), establécese como **ACTIVIDADE PRINCIPAL** a GANDERÍA EN EXTENSIVO / CULTIVOS AGRÍCOLAS COMPLEMENTARIOS. Na zona establécese o aproveitamento gandeiro en extensivo e os cultivos agrícolas complementarios, pois ofrece unhas condicións idóneas para o gando en extensivo con zonas de pasto e zonas sombrías pola presenza de pés arbóreos dispersos de frondosas consolidadas.





Imaxe 41: Actividade principal proposta.

Dentro das distintas posibilidades de gandería extensiva, contéplase principalmente o aproveitamento para vacún de carne, gando porcino, ovino e cabrún. Calquera das modalidades elixidas deberá ser en extensivo e terán prioridade aquelas explotacións que inclúan unha produción integrada e/ou ecolóxico.

Será prioritario nalgunha zona a coexistencia de gando en extensivo e a produción de cultivos para o propio abastecemento da explotación, para garantir a sustentabilidade e multifuncionalidade do aproveitamento.

Dende o punto proteccionista do proxecto, deberase adecuar a carga gandeira e o plan de manexo da explotación de xeito que non afecte ás masas arbóreas existentes. Como norma xeral a carga gandeira¹ deberá ser inferior a 2 UGM²/ha. Así por exemplo, para o gando vacún supón un límite de 2 vacas adultas/ha. Para o gando ovino e cabrún o límite será de 13 animais/ha. No caso de explotacións de porcino recoméndase³ non superar os 15 porcos por hectárea e establecer varios recintos de manexo que permitan a rotación dos animais de tal xeito que posibilite un período de rexeneración mínimo de 45 días.

Nas parcelas nas que se identifiquen masas consolidadas de frondosas autóctonas (principalmente do xénero *Quercus spp.* e *Castanea sativa*), aplicarase o modelo silvícola XFAS (xestión de frondosas por rareo sucesivo) e CS3 (Produción de froito e

¹ Tómanse como referencia os valores de produción ecolóxica. Ver anexo IV do REGULAMENTO (CE) N° 889/2008 DA COMISIÓN de 5 de setembro de 2008, Polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) no 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control.

² UGM = Unidade de Gando Maior. Ver conversión das diferentes categorías no anexo II do Regulamento (UE) n° 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

³ Real Decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real Decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas.





outros aproveitamentos e persistencia en soutos tradicionais), en base ao establecido na orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal indicativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

Nestes modelos silvícolas o obxectivo fundamental é garantir a persistencia da masa, a produción múltiple e a conservación da biodiversidade nas masas consolidadas de frondosas autóctonas. Asegurarase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade.

Serán actividades permitidas as rozas selectivas nos bosquetes en rexeneración, a xeito de axuda á rexeneración natural ata a etapa de monte bravo e as rozas perimetrais con zonas de matogueira para facilitar rexeneración e reducir o risco de incendio forestal. Non é necesario fixar unha quenda de corta por non buscarse un sistema de xestión rotacional, senón de cuberta forestal continua. Reservarase árbores á corta, distribuídos tanto individualmente como en grupos, permitíndose cortas de rareo sucesivo con período de rexeneración mínimo de 20 anos, aplicadas por bosquetes ou por faixas, sen que chegue nunca a producirse o apeo completo de ningún rodal.

Para establecer unha actividade / cultivo secundario, realízase unha análise dos cultivos agrarios e forestais para obtención de froito, a priori, máis aptos tendo en conta as condicións agronómicas da zona de actuación. Os cultivos analizados son os seguintes:

	SEMENTEIRA/ PLANTACION	PROFUNDIDADE	RANGO TEMPERATURA	RESISTENCIA XEADAS	PRECIPITACIONES	SOLO	PH	M.O.	SALINIDADE
XIRASOL	FEBREIRO/ MAIO	60cm	13° a 30°C	SI	<400 mm	ARXILO AREOSOS	7	ALTA	ALTA
TRIGO	OUTONO	80cm	3°-32°C	MEDIA	<400 mm	ARXILO AREOSOS	7	MEDIA	MEDIA
CEBADA	XANEIRO/ MARZO	50cm	-10° a 20°C	MEDIA	Resistente a seca	FRANCOAREOSOS	VAR.	ALTA	ALTA
CENTEIO	OUTONO	50cm	5° a 32°C	ALTA	Resistente a seca	AREOSOS CALIZOS PEDREGOSOS	<7	BAIXA	MEDIA
VIDE	INVIERNO/ PRIMAVERA	ALTA	-20° a 38°C	BAIXA	250-450 mm	VARIABLE	7-9	MEDIA	MEDIA
OLIVEIRA ⁴	OUTONO	> 60 cm	-12° a 40°C	ALTA	250-450 mm	FRANCOAREOSOS	7-9	BAIXA	ALTA
CASTIÑEIRO	NOVEMBRO/ FEBREIRO	40-60 cm	-20° a 38°C	MEDIA	400-900 mm	FRANCO	5,7- 6	3-5 %	BAIXA
PATACA	MARZO/ ABRIL	10-20 cm	13° a 20°C	BAIXA	250-500 mm	FRANCOAREOSOS	5,5- 7	MEDIA	BAIXA
PEMENTO	MARZO/ MAIO	5-10 cm	18° a 28°C	BAIXA	600- 900mm	FRANCO-LIMOSA E AREO-LIMOSA	5,5- 7	ALTA	MEDIA

Táboa 19: Análise das necesidades dos cultivos.


⁴Para o cultivo de oliveira a profundidade de solo efectiva debe ser de polo menos 60 cm, non se debe encharcar a leira no inverno, aínda que sexa por un curto período de tempo nin debe ter veas de auga que a atravesen ou acuíferos ou mananciais a pouca profundidade respecto da superficie. Ten que estar asollada sen masas forestais grandes nos lindes no caso de que sexan leiras de menos de 1 ha.





Tendo en conta o anterior, establécese como **ACTIVIDADE SECUNDARIA**, a PLANTACIÓN DE ÁRBORES PARA OBTENCIÓN DE FROITO / APROVEITAMENTO APÍCOLA. Destinada a plantación de árbores para obtención de froito, (xa que son as parcelas máis próximas ao núcleo rural presentando actualmente pés dispersos destas árbores que mostran o potencial desta superficie para este aproveitamento), e aproveitamento apícola.

Dentro das zonas analizadas existen zonas con importante potencial apícola, debido á existencia de vexetación que potencia este aproveitamento, esta actividade terase en conta como complementaria (a localización deberá estar supeditada á normativa existente que regula a actividade).



Imaxe 42: Actividade secundaria proposta.

Nas parcelas nas que se identifiquen masas consolidadas de frondosas autóctonas (principalmente do xénero *Quercus spp.*), no se define ningún tipo de actividade secundaria, aplicarase o modelo silvícola XFAS (xestión de frondosas por rareo sucesivo), en base ao establecido na orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal indicativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

Neste modelo silvícola o obxectivo fundamental é garantir a persistencia da masa, a produción múltiple e a conservación da biodiversidade nas masas consolidadas de frondosas autóctonas. Asegurarase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade.

Serán actividades permitidas as rozas selectivas nos bosquetes en rexeneración, a xeito de axuda á rexeneración natural ata a etapa de monte bravo e as rozas perimetrais con zonas de matogueira para facilitar rexeneración e reducir o risco de incendio forestal. Non é necesario fixar unha quenda de corta por non buscarse un sistema de xestión rotacional, senón de cuberta forestal continua.





12. SISTEMA DE XESTIÓN DE TERRAS

Como xa se adiantou nos antecedentes deste documento, o sistema de xestión das terras que forman parte do proxecto de Aldea Modelo será a incorporación ao Banco de Terras e o seu posterior arrendamento. Os procedementos de incorporación e arrendamento de predios a través do Banco de Terras están regulados na *Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia* e nos acordos do Consello de Dirección da Agader. Toda a normativa de aplicación pode consultarse en <https://agader.xunta.gal/gl/banco-de-terras/lexislacion-e-normativa/>.

12.1. PARCELAS OBXECTO DE ACTUACIÓN

As parcelas contempladas no proxecto de orientación produtiva para a posta en valor de terreos na Aldea Modelo de Mouteira-Parada (Cerdedo-Cotobade) son nas que inicialmente os titulares indicaron o seu interese para participar no proxecto [Ver plano 24].

As parcelas de actuación definitivas, estableceranse unha vez definida a actividade a desenvolver e tras a incorporación definitiva das parcelas por parte dos seus titulares no Banco de Terras de Galicia.

12.2. PREZO MÍNIMO DE ARRENDAMENTO

O Banco de Terras conta cuns prezos de referencia para os arrendamentos que son propostos pola Comisión Técnica de Prezos e Valores (capítulo III da *Lei de recuperación da terra agraria de Galicia*); e que posteriormente son remitidos ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

Estes prezos de referencia fíxanse por unidade de superficie en función da parroquia onde se localiza e o tipo de terras (terras de labor, pasteiros, etc.). Como cada finca pode ter un porcentaxe de diferentes tipos de terras, o prezo de cada finca obtense por multiplicación da superficie de cada tipo de terra que posúe e o valor unitario da parroquia no que está.

Os prezos de referencia⁵ do Banco de Terras (expresados en €/ha*ano), para a parroquia de Parada (San Pedro), Cerdedo-Cotobade son os establecidos na seguinte táboa:

Concello	Parroquia	Prezo cultivos leñosos	Prezo terras de labor	Prezo pastos e matos	Prezo forestais	Prezo incultos
Cerdedo-Cotobade	Parada(San Pedro)	140	117	54	84	13

Táboa 20: Prezos de referencia do Banco de Terras de Galicia.

⁵ Os prezos de referencia do Banco de Terras son aprobados anualmente, en base ao artigo 13 da lei de recuperación da terra agraria de Galicia.





As persoas interesadas no arrendamento deberán indicar na súa solicitude o prezo polo que estaría disposto a alugar as parcelas sendo igual ou superior o establecido como prezo de referencia do Banco de Terras.

O prezo ofertado, a maiores doutros factores que se definen nun apartado posterior deste documento, será tido en conta como criterio de valoración nas propostas de explotación produtivas que se presenten.

12.3. DURACIÓN DO ARRENDAMENTO

A *lei de recuperación de terra agraria de Galicia* (artigo 56.c) establece prazos máximos de arrendamento en función do destino que se lle dea ás parcelas obxecto de actuación. Así, para destinos forestais o prazo máximo será de 70 anos e para o resto de destinos será de 30 anos.

Os proxectos de posta en produción de terreos en Aldeas Modelo teñen unha orientación agropecuaria, polo tanto a duración máxima dos arrendamentos será de 30 anos.

En canto á duración mínima, á hora de incorporar os terreos ao proxecto, os propietarios comprométese ao arrendamento das parcelas por un período mínimo de 10 anos segundo o establecido na lei de recuperación da terra agraria no seu artigo 111; *"(...) deberán asumir o permiso de entrada nelas para a realización das actuacións preparatorias necesarias para materializar a cesión e incluír adicionalmente un compromiso de incorporación de ditas parcelas ao Banco de Terras para a súa cesión por un período mínimo de dez anos (...)"*, este período mínimo asegura un horizonte temporal ás persoas arrendatarias suficiente para recuperar os investimentos iniciais de posta en produción destas terras. Do mesmo xeito e segundo establece o mesmo artigo, poderán ser aceptadas aquelas solicitudes presentadas no proceso de concorrencia competitiva que fagan referencia a un arrendamento por un período de 5 anos sempre e cando se xustifiquen tecnicamente.

Polo tanto, a duración dos arrendamentos no marco do proxecto de Aldea Modelo estarán comprendidos entre os 10 (5 só se se acompaña de unha xustificación técnica) e os 30 anos. No caso de que se presenten propostas que impliquen a cesión de terreo por un prazo superior aos 10 anos, antes da selección da proposta deberá darse traslado aos titulares dos dereitos sobre os terreos para que presenten a súa conformidade.





13. OBRAS E INFRAESTRUCTURAS NECESARIAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER NA ALDEA MODELO

Despois de terse declarado a Aldea Modelo e declararse a utilidade pública do proxecto, realizouse unha roza para poder acceder ás parcelas e así poder analizar o terreo e establecer os usos e aproveitamentos máis axeitados para a zona de actuación. Tratouse dunha roza selectiva nas zonas que presentan maior estado de abandono, protexendo en todo caso os elementos patrimoniais existentes (fontes tradicionais, muros de pedra, marcos).

Neste caso, na Aldea Modelo de Mouteira-Parada, proxéctase a ordenación produtiva dos terreos mediante a gandería en extensivo en coexistencia con plantación e explotación de cultivos agrícolas complementarios.

En relación á actividade de gandería en extensivo será indispensable a construción dun peche perimetral do ámbito de actuación, tanto para o correcto manexo do gando da propia explotación como para evitar o acceso da fauna salvaxe ás instalacións (nomeadamente xabaril, lobo ou raposo entre outros). A tipoloxía e características do peche dependerá do tipo de gando empregado na explotación. En todo caso, como referencia, recoméndase a utilización de estacas de madeira tratada gornecidas ben con malla cinxética ou ben con arame galvanizado; así como a utilización de pastor eléctrico.

En relación aos cultivos que se queiran implantar, e dado que a maioría dos terreos veñen dunha situación de abandono prolongado no tempo; deberase realizar un laboreo profundo antes da implantación dos cultivos. Recoméndase voltear o terreo con arado de veso seguido de un ou dous pases de grada, aportación de emendas (encalado, abonado,...) e mesmo un pase de rotocultor.

Calquera instalación/elemento a instalar na Aldea Modelo deberá ser aprobada pola Agader, tendo en conta que deberá estar integrada na contorna e acorde ao indicado no catálogo da paisaxe de Galicia, e ás directrices que se establezan. Os materiais deberán ser sustentables, primando o uso de madeira e elementos naturais para edificación, todos os materiais deberán ser reutilizables e facilmente desmontables, garantindo que o promotor retire o material no momento de finalización da actividade.

Para cada zona e actividade as instalacións deberanse axeitar aos condicionantes establecidos na normativa sectorial de aplicación.





14. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS PROPOSTAS NO SUPOSTO DE CONCORRENCIA DE VARIAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO PROXECTO

No caso de existir varias solicitudes de participación para o mesmo proxecto de Aldea Modelo, segundo establece o artigo 116 da lei de recuperación da terra agraria de Galicia, definiranse un conxunto de criterios de preferencia para a cesión. Entre os criterios de adxudicación atenderase, entre outros, á complementariedade entre os proxectos dentro das Aldeas Modelo; ás propostas que teñan como finalidade a ampliación da base territorial das explotacións xa existentes, ás propostas que se refiran á produción ecolóxica e ás producións de gandería extensiva.

Atendendo a isto, o primeiro dos criterios que se propón é un criterio excluínte, é dicir, a solicitude que se presente deberá adecuarse ás orientacións produtivas definidas neste documento, caso contrario desbotarase sen máis.

Os criterios de ponderación son:

- Complementariedade: a complementariedade con outros proxectos de Aldea Modelo (por exemplo, nunha Aldea Modelo A prodúcese cereal que se usa como alimentación do gando doutra Aldea Modelo B) será valorada cunha puntuación de 60 puntos.
- Orientación produtiva: terán prioridade aquelas orientacións produtivas definidas neste documento como principal, que son as destinadas á gandería extensiva e aos cultivos complementarios. En segundo lugar estarán as orientacións produtivas definidas como secundaria. A puntuación máxima deste punto será 60 puntos que se verá reducida segundo o tipo de orientación proposta.
- Ampliación base territorial: a ampliación da base territorial das explotacións será valorada cunha puntuación de 60 puntos.
- Produción ecolóxica: a explotación en produción ecolóxica será valorada cunha puntuación de 60 puntos.
- Superficie: terán preferencia aquelas propostas que abarquen maior superficie dentro do perímetro da aldea. A puntuación máxima deste punto será 60 puntos que se verá reducida proporcionalmente segundo descenda a superficie do proxecto proposto con relación á superficie total do perímetro da Aldea Modelo.
- Continuidade: a continuidade con outras iniciativas de mobilidade de terras na mesma área será valorada cunha puntuación de 40 puntos.
- Proximidade: terán preferencia aquelas propostas que se presenten por persoas que residan na aldea. A puntuación máxima deste punto será 40 puntos que se verá reducida proporcionalmente segundo se afaste da aldea a residencia das persoas que presentan a solicitude. En primeiro lugar estarán os residentes na aldea, en segundo lugar os residentes no concello e en terceiro lugar os residentes en concellos limítrofes.
- Prezo: A puntuación máxima deste punto será 40 puntos para aqueles incrementos do 100% sobre o prezo base de referencia. Este valor reducirase proporcionalmente para aqueles prezos comprendidos entre o prezo base e o 100% de incremento.
- Incorporación á actividade agraria: A puntuación máxima deste punto será 40 puntos. Valorarase a creación de novas explotacións e a incorporación de persoas mozas.





- Aportación de terras ao proxecto: A puntuación máxima deste punto será 40 puntos para aquelas persoas que aporten ao proxecto terras xestionadas por elas mesmas. Asignaráselle a puntuación máxima a aquela persoa que aporte máis superficie, reducíndose proporcionalmente esta puntuación para as persoas que aporten cantidades inferiores.

CRITERIO ACREDITADO	PUNTOS TOTAIS
Complementariedade con outros proxectos de Aldea Modelo (máximo 60 puntos)	60
Orientación produtiva (máximo 60 puntos)	60
Proxectos con orientación produtiva principal	60
Proxectos con orientación produtiva secundaria	30
Ampliación da base territorial (máximo 60 puntos)	60
Produción ecolóxica (máximo 60 puntos)	60
Superficie (máximo 60 puntos)	60
Proxectos que abarquen a totalidade da superficie da aldea modelo	60
Proxectos que abarquen parte da totalidade da superficie da aldea modelo	proporcional
Continuidade con outras iniciativas de mobilidade de terras na mesma área (máximo 40 puntos)	40
Proximidade (máximo 40 puntos)	40
Persoas que residan na propia aldea	40
Persoas que residan no mesmo concello	20
Persoas que residan en concellos limítrofes	10
Prezo (máximo 40 puntos)	40
Incremento sobre o prezo base, pero inferior ao 100% de incremento	Proporcional
Incremento do 100% sobre o prezo base	40
Incorporación á actividade agraria (máximo 40 puntos)	40
Explotación de nova creación	20
Incorporación de persoa moza (home)	15
Incorporación de persoa moza (muller)	20
Aportación de terras ao proxecto (máximo 40 puntos)	40
Aportacións inferiores á máis alta.	Proporcional
Aportación máis alta en superficie	40





Criterios de desempate

1º criterio Segundo a seguinte orde de preferencia

Orde	Criterio
1	Complementariedade con outros proxectos de Aldea Modelo
2	Orientación produtiva
3	Produción ecolóxica
4	Ampliación da base territorial
5	Superficie
6	Aportación de terras ao proxecto
7	Proximidade
8	Continuidade con outras iniciativas de mobilidade de terras na mesma área
9	Prezo
10	Incorporación á actividade agraria

2º criterio Data de presentación da solicitude

